

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20275 *REAL DECRETO 1403/2007, do 26 de outubro, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. («BOE» 283, do 26-11-2007.)*

Os novos retos que presenta a pobreza, o subdesenvolvemento e a desigualdade no mundo a comezos do século XXI foron obxecto de análise e reflexión nas grandes conferencias internacionais celebradas nos anos 90 baixo os auspicios de Nacións Unidas, comprometidas na busca de solucións a desafíos esenciais para a humanidade, como os relacionados coa infancia (Nova York, 1990), a educación (Jomtien, 1990), o medio natural (Río de Janeiro, 1992), os dereitos humanos (Viena, 1993), a poboación (O Cairo, 1994), o desenvolvemento social (Copenhague, 1995), a muller (Pekín, 1995) ou a alimentación (Roma, 1996). Esa posta en común sobre os retos existentes ao comezar o século derivou nunha aposta inequívoca por parte da comunidade internacional en favor dos obxectivos de desenvolvemento do milenio recollidos na Declaración do Milenio aprobada en Nova York en 2000. Posteriormente, outras conferencias celebradas na década actual, como a dedicada ao desenvolvemento sustentable en Johannesburgo ou ao financiamento para o desenvolvemento en Monterrey, permitiron afondar nos compromisos necesarios para acadar eses obxectivos.

O goberno español, que subscibe e apoia as declaracións e os compromisos aprobados pola comunidade internacional de que forma parte e que, así mesmo, subscribiu as declaracións de Roma, en 2003, e de París, en 2005, sobre a eficacia da axuda, desexa estar en primeira liña entre os países desenvolvidos na tarefa ineludible da loita contra a pobreza e a promoción do desenvolvemento humano sustentable e, en consecuencia, fai unha aposta clara polo aumento da cantidade e pola mellora da calidade da axuda oficial ao desenvolvemento, decidido a que sexa da maior utilidade para aquelas persoas, pobos e países a que debe servir.

A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), que estará adscrita ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional é, como establece a Lei de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, o órgano de fomento, xestión e execución da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento (sen prexuízo das competencias asignadas a outros departamentos ministeriais). Por tanto, os seus obxectivos, destinatarios e finalidade son os da cooperación española: a loita contra a pobreza e a promoción do desenvolvemento humano sustentable nos países en desenvolvemento, particularmente os recollidos no Plan director en vigor cada catro anos.

Trátase, sen dúbida, dunha misión complexa, en primeiro lugar, polas distintas dimensións que engloba o desenvolvemento, relacionadas tanto co acceso a recursos como co deseño e a aplicación de políticas públicas que promovan o crecemento económico, a equidade social, a sustentabilidade ambiental, a liberdade, a seguraza humana e a igualdade de xénero; e todo isto respectando a diversidade cultural dos pobos. En segundo lugar, polo elevado número de países onde hai que actuar, moitos deles entre os máis pobres ou empobrecidos do planeta, tendo en conta que cómpre adaptarse ás distintas realidades, necesidades e estratexias de desenvolvemento de cada un deles. O Plan director da cooperación española actualmente en vigor reconece vinte e tres paí-

ses prioritarios e outros trinta entre os preferentes e de atención especial.

Ademais de ser unha tarefa complexa, é tamén unha tarefa ineludible desde calquera perspectiva que se contemple, que veu sendo abordada con crecente intensidade e que debe seguir impulsándose coas maiores garantías de éxito. Para iso, a xuízo do Goberno español, débense ter en conta unha serie de elementos entre os que destacan os seguintes:

En primeiro lugar, a comprensión do fenómeno da pobreza como unha lesión aos dereitos humanos, concretamente ao dereito ao desenvolvemento dos pobos recoñecido pola comunidade internacional e como aquela situación de carencia non só de ingresos, senón tamén de oportunidades, capacidades e opcións para sostener un nivel de vida digno, o que debe conducir á cooperación española a atacar as causas da pobreza e non só as súas manifestacións máis lacerantes. A finalidade da actuación da AECID estará orientada ao pleno exercicio do dereito ao desenvolvemento. Desde este enfoque, o desenvolvemento, como dereito humano fundamental, na súa dobre vertente de aumento das capacidades individuais e colectivas, é o obxectivo substantivo da cooperación para o desenvolvemento, sendo a loita contra a pobreza parte do proceso de construción deste dereito.

En segundo lugar, a aposta inequívoca polo obxectivo central de acadar, co concurso de toda a comunidade internacional, os obxectivos do Milenio aprobados no Cumio do Milenio en Nova York en 2000 por todos os gobernos do mundo.

En terceiro lugar, en liña co anterior, a necesidade de construír unhas relacións económicas internacionais que respondan en maior medida ao obxectivo do desenvolvemento. Por iso, e de acordo co obxectivo 8 da Declaración do Milenio, é vontade do goberno español avanzar decididamente no logro dunha maior coherencia entre as distintas políticas públicas e o obxectivo do desenvolvemento.

En cuarto lugar, o convencemento de que en toda actuación de cooperación e desenvolvemento teñen que integrarse tres elementos transversais sen os cales non se avanzará cara a un desenvolvemento humano sustentable: a perspectiva de xénero, a calidade ambiental e o respecto á diversidade cultural.

En quinto lugar, a aposta pola coordinación, o diálogo e a complementariedade dos distintos actores e axentes da cooperación española, co fin de fomentar a participación cidadá, materializar a coherencia que se propugna entre as políticas públicas e o obxectivo do desenvolvemento e promover a calidade e eficacia da axuda.

En sexto lugar, a aposta en favor do consenso internacional existente sobre a denominada Asociación para o Desenvolvemento, que supón a necesaria coordinación, diálogo e conxunción de esforzos entre países socios para lograr os obxectivos de desenvolvemento do Milenio e o fomento do protagonismo por parte do país que recibe a cooperación no seu propio proceso de desenvolvemento. Isto concrétase aínda máis nas declaracións de Roma e de París sobre a eficacia da axuda que o goberno español subscribiu e defende.

A decisión política que demanda a cidadanía española en favor do desenvolvemento e a loita contra a pobreza e, por outra parte, a concreción dunha política de cooperación eficaz nos seus fins e obxectivos, necesitan dunha Axencia que sexa un referente no sistema de cooperación español, capaz de xestionar e executar de forma útil e eficaz un importante orzamento en proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento. Pola súa vez, requírese unha axencia de desenvolvemento que, en estreita coordinación coas unidades competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, participe no diálogo sobre políticas cos países socios e se coordine e interactúe con outros axentes de desenvolvemento.

mento, nacionais e internacionais, particularmente sobre o terreo, para dar resposta aos retos mencionados.

A Lei de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos proporciona un marco idóneo en canto á adecuación da estrutura organizativa, o réxime de recursos humanos e o réxime económico-financeiro, para que a política española de cooperación ao desenvolvemento conte cun instrumento, a AECID, capaz de cumprir coa misión que se lle deu e as tarefas encomendadas.

Ademais, con este marco normativo, a nova axencia insírese nos procesos de modernización organizativa e de innovación da Administración pública española, permitiéndolle así que se poida dotar dunha nova cultura de xestión, con base no desenvolvemento da administración por obxectivos, na avaliación de resultados e na participación do seu persoal, todo iso nun marco de maior flexibilidade e responsabilidade xestora. Con isto dará resposta á exigencia cidadá en favor dunha maior transparencia, calidade e eficiencia na xestión dos servizos e políticas públicas, así como na utilización dos recursos asignados a elas. A AECID contribuirá así ao desenvolvemento dun modelo de xestión pública orientada ao servizo dos intereses xerais e á busca da mellora continua no seu quefacer cotián.

A nova Axencia, que se nutre da experiencia e coñecemento acumulados polos profesionais e unidades da Axencia Española de Cooperación Internacional, deberá seguir contando con persoas procedentes de distintos corpos da función pública en distintos niveis de responsabilidade, incluíndo os postos directivos, mantendo os equilibrios que resulten convenientes para o labor de conxunto da institución. A nova Axencia tamén contará entre o persoal directivo con expertos que fixeron a súa carreira profesional no exterior, ligados a organismos internacionais ou á propia rede da cooperación española, de acordo á posibilidade que recolle a Lei de axencias estatais de permitir que os estatutos poidan prever postos directivos de máxima responsabilidade para cubrir en réxime laboral mediante contratos de alta dirección.

Con este fin apróbase este real decreto, que consta dun único artigo aprobatorio do Estatuto da AECID e de catro disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas derradeiras.

No artigo único prodúcese a aprobación do estatuto, con remisión ao texto anexo e declárase a súa creación formal, en aplicación da autorización dada ao Goberno pola disposición adicional terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

As catro primeiras disposicións adicionais teñen como cometido ordenar o traspaso dos elementos funcionais e materiais e do persoal da Axencia Española de Cooperación Internacional á AECID, coa supresión da primeira e a substitución das referencias normativas, así como a subrogación desta última nos seus bens, dereitos e obrigas, a integración do persoal funcionario e do persoal laboral, a continuidade dos procesos selectivos que estivesen en marcha e o recoñecemento aos membros da carreira diplomática que se integren no equipo directivo da axencia do disposto no artigo 16 do Real decreto 674/1993, do 7 de maio, de provisión de postos de traballo no estranxeiro e ascensos dos funcionarios, na redacción dada polo Real decreto 805/2000, do 19 de maio. Igualmente prodúcese a supresión da Subdirección Xeral de Convenios e Programas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e súa integración, tanto orzamentaria como do seu persoal, na AECID. Pola súa parte, a disposición adicional quinta refírese aos procedementos de coordinación derivados da adscrición da AECID ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

A disposición transitoria primeira parte da necesidade de lle dar unha plena continuidade á política española de cooperación para o desenvolvemento, polo que é necesaria

rio que ata a constitución efectiva dos novos órganos de goberno e executivos da AECID sigan en funcións os responsables da AECL. A disposición transitoria segunda aclara que a actuación da Axencia se desenvolverá no marco da memoria ata que se aprobe o contrato de xestión. Pola súa parte, a disposición transitoria terceira prevé que a Axencia manterá durante 2007 o réxime orzamentario e de modificacións de crédito correspondente ao organismo autónomo previo.

A disposición derogatoria elimina do ordenamento as normas organizativas relativas á AECL e as disposicións derradeiras habilitan o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e o Ministerio de Economía e Facenda para a adopción das medidas necesarias para a posta en funcionamento da AECID e sinalan a entrada en vigor do presente real decreto.

Pola súa parte, o estatuto que polo mesmo real decreto se aproba, estrutúrase en nove capítulos e un anexo que recollen de forma ordenada os distintos aspectos que, de acordo coa Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, debe conter o estatuto dunha axencia estatal.

En liña coa vontade política explícita en favor dunha maior e máis eficaz cooperación para o desenvolvemento, o real decreto crea e dota adecuadamente a AECID para cumprir a súa misión, recollida no capítulo I do seu estatuto, referida ao fomento, xestión e execución das políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento, dirixidas á loita contra a pobreza e á consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países en desenvolvemento.

No seu capítulo II recóllense obxectivos claros para a Axencia, acordes coa súa misión, e dótase dunhas amplas funcións e instrumentos de actuación para que poida alcanzalos. Entre elas e, en primeiro lugar, permite á AECID dirixir, deseñar, coordinar e executar programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento dirixidos á loita contra a pobreza e a promoción do desenvolvemento humano sustentable no ámbito social, institucional, ambiental, de igualdade de xénero, cultural, universitario, científico, económico e produtivo.

O capítulo III do estatuto contén os principios e valores que a Axencia debe manter na súa actuación, referíndose á súa responsabilidade pública, á transparencia, á cooperación entre administracións, á calidade do servizo público que presta e á ética profesional. Recolle tamén, por outra parte, os principios que emanan das declaracións de Roma e de París sobre a eficacia da axuda, o que obriga a AECID a promover as capacidades institucionais dos países socios, apoiar activamente os seus propios esforzos, prioridades e estratexias de redución da pobreza, traballar en estreita coordinación con outros doadores e, por outra parte, en ritmo e alcance que será definido polo Consello Reitor da Axencia no marco do que se estableza no contrato de xestión, a reforzar a súa rede exterior e a efectuar gradualmente un proceso de descentralización de competencias nos órganos que actúan sobre o terreo.

O capítulo IV recolle a organización da Axencia, refírese ás funcións da súa Presidencia, do Consello Reitor e do director e establece que a presidencia da Axencia recaerá sobre o titular da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional. Este capítulo recolle a composición do Consello Reitor e establece tamén, no seo do propio consello, unha comisión permanente que, sen prexuízo das funcións do Consello Reitor, permitirá un funcionamento máis áxil na resolución dos asuntos cotiáns da AECID. Créase tamén, como órgano dependente da Presidencia, un consello asesor integrado por persoas de recoñecida experiencia e coñecementos en materia de desenvolvemento, que terá carácter consultivo. E créase, como órgano dependente da Presidencia na súa dirección estratéxica, a Oficina de Acción Humanitaria, que se ocupará

de coordinar os labores de prevención, xestión da acción humanitaria e posconflitos.

O capítulo IV recolle tamén a estrutura que resulta necesaria para que a AECID conte coa capacidade e axilidade suficientes para lograr os seus obxectivos. Cúmrese así, ademais, co que establece a Lei 23/1998, de cooperación internacional para o desenvolvemento, que articula a política de cooperación arredor de dous eixes de prioridades, as de carácter xeográfico e as sectoriais, dirixidas estas a determinados ámbitos de actuación preferente. En relación á estrutura do organismo anterior, na AECID cabe destacar o fortalecemento das seguintes áreas:

1. A área de cooperación con África subsahariana, para que a Axencia poida cumprir co esforzo requirido nunha zona xeográfica definida como prioritaria no actual plan director;

2. A área sectorial e multilateral, para cubrir as necesidades da cooperación transversal, permitindo así a súa homologación con outras axencias de desenvolvemento da nosa contorna e, por outra parte, para que realice adecuadamente o labor de interlocución coas ONGD;

3. A dirección da AECID, que se verá reforzada para que preste unha especial atención á programación operativa, seguimento, monitorización e análise para a mellora da calidade da axuda, así como á comunicación, sensibilización e educación para o desenvolvemento, cos medios que se determinen no contrato de xestión.

4. As áreas horizontais, coa creación dunha secretaría xeral que integrará un departamento de recursos humanos e conciliación, un departamento de xestión económica, financeira e orzamentaria e un departamento de sistemas e tecnoloxías da información. Desde a secretaría xeral daráselle unha especial atención á conciliación da vida familiar e laboral e á igualdade na Axencia, así como á organización e calidade.

As características e nivel administrativo dos departamentos que se recollen neste estatuto establécense na memoria. As das divisións e outras unidades que, de ser o caso, integren os departamentos, estableceranse e desenvolveranse no contrato de xestión.

Por outra parte, o capítulo IV, no marco da Lei de cooperación internacional para o desenvolvemento e dando coherencia á unidade encargada da política de relacións culturais e científicas, integra a Subdirección Xeral de Programas e Convenios Culturais e Científicos na estrutura da Axencia.

Finalmente o capítulo IV ocúpase tamén das condicións en que se crearán determinados grupos de traballo transversais para potenciar as relacións entre as distintas unidades e contar cunha organización máis flexible e funcional.

O capítulo V refírese ao contrato de xestión e establece que terá unha duración de catro anos, tomando como referencia a duración do Plan director da cooperación española a cuxo cumprimento a AECID deberá contribuir.

O capítulo VI, pola súa parte, recolle o réxime de funcionamento e os medios da Axencia. En particular detállase o réxime aplicable á contratación e ao patrimonio, tanto dos bens propios coma dos bens adscritos a ela. Outórganse, ademais, competencias ao director da Axencia en materia de representación fronte a terceiros nas actuacións relativas aos bens e dereitos daquela e en materia de inventario. En ambos os casos o director deberalle render contas ao Consello Reitor.

O capítulo VII, referido ao réxime de persoal, ademais de enumerar os distintos tipos de contratación, contén como principais novidades as seguintes: en primeiro lugar, fai recaer no Consello Reitor da Axencia –no marco do contrato de xestión– a aprobación da relación de postos de traballo; en segundo lugar, establece o

carácter do persoal directivo dos coordinadores xerais responsables das oficinas técnicas da AECID no exterior e dos directores de centros de formación e de centros culturais, en liña co fortalecemento que deben experimentar as unidades da Axencia no exterior, de acordo coa complexidade das novas tarefas que deben asumir no terreo; e, en terceiro lugar, explicita que a mobilidade do persoal entre a sede e as unidades de cooperación no exterior é unha necesidade nunha Axencia con presenza en dúas de países.

No capítulo VIII detállanse os recursos económicos da Axencia, entre os que figura a posibilidade de contar con novas vías de financiamento. Recóllese igualmente neste capítulo o réxime aplicable ao orzamento da Axencia e outórgaselle ao seu director a posibilidade de autorizar as variacións orzamentarias necesarias que non afecten a contía de gastos de persoal nin a contía global do orzamento. Neste aspecto, dótase a Axencia dunha maior flexibilidade orzamentaria. Regúlase tamén o réxime aplicable á contabilidade, sendo de especial importancia a instauración dun sistema de contabilidade de xestión que permita efectuar o seguimento do cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.

Por último, o capítulo IX regula as disposicións e a asistencia xurídica.

Na súa virtude, por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por proposta dos ministros de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de outubro de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Creación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e aprobación do seu estatuto.*

En virtude da autorización dada ao Goberno na disposición adicional terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora de servizos públicos, o presente real decreto ten por obxecto a creación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, e para este fin apróbese o estatuto desta Axencia, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Constitución da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.*

1. A constitución da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento producirase coa celebración da reunión constitutiva do seu Consello Reitor, que terá lugar dentro do prazo de corenta e cinco días desde o momento da entrada en vigor deste real decreto.

2. A partir desta data, a Axencia pasará a exercer as funcións a que se refire o artigo 3 do seu estatuto e sucederá nestas á Axencia Española de Cooperación Internacional quedando subrogada na totalidade dos bens, dereitos e obrigas constituídos en relación con esta última Axencia.

3. Así mesmo, todas as referencias normativas relativas á Axencia Española de Cooperación internacional se entenderán referidas á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

Disposición adicional segunda. *Supresión de organismo autónomo.*

A partir da constitución efectiva da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento,

quedarán suprimido o organismo autónomo Axencia Española de Cooperación Internacional e os seguintes órganos: Secretaría Xeral, Dirección Xeral de Cooperación con Iberoamérica, Dirección Xeral de Cooperación con África, Asia e Europa Oriental, Dirección Xeral de Relacións Culturais e Científicas, Gabinete Técnico, Subdirección Xeral de Cooperación Multilateral e Horizontal, Vicesecretaría Xeral, Subdirección Xeral de Cooperación con México, América Central e o Caribe, Subdirección Xeral de Cooperación cos Países de América do Sur, Subdirección Xeral de Cooperación con Países do Mediterráneo e Europa Oriental, Subdirección Xeral de Cooperación cos países de África Subsahariana e Asia, Subdirección Xeral de Cooperación e Promoción Cultural Exterior e a Subdirección Xeral de Bolsas, Lectorados e Intercambios, así como a Subdirección Xeral de Convenios e Programas dependente da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Disposición adicional terceira. *Integración do persoal na Axencia.*

1. O persoal funcionario que preste os seus servizos na Axencia Española de Cooperación Internacional nas áreas que afecten a competencia e funcións da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e o da Subdirección Xeral de Convenios e Programas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación pasará a formar parte do persoal ao servizo da Axencia, coa mesma situación, antigüidade e grao que tivese, permanecendo na situación de servizo activo no seu corpo ou escala de procedencia, respectándose as súas retribucións.

2. Igualmente, a Axencia subrogarase nos seus propios termos e sen ningunha alteración das súas condicións, nos contratos de traballo concertados con persoal suxeito a dereito laboral, tanto da Axencia Española de Cooperación Internacional como da Subdirección Xeral de Convenios e Programas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

3. Con respecto ás retribucións do persoal a que se refiren os puntos 1 e 2 anteriores, non se poderá diminuír a contía dos dereitos económicos nin doutros complementos retributivos consolidables inherentes ao sistema de carreira vixente para o citado persoal no momento da entrada en vigor do presente estatuto, calquera que sexa a situación administrativa en que se encontre.

4. Así mesmo a Axencia subrogarase e levará a termo os procesos selectivos que na data da súa constitución efectiva se encontren en curso para a provisión dos postos de traballo de persoal funcionario e laboral nas áreas que afecten a súa competencia e funcións.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación aos membros da carreira diplomática do disposto no artigo 16 do Real decreto 674/1993, do 7 de maio, de provisión de postos de traballo no estranxeiro e ascensos dos funcionarios, modificado parcialmente polo Real decreto 805/2000, do 19 de maio.*

Aos membros da carreira diplomática que ocupen os cargos do equipo directivo previstos no artigo 38.2 do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento seralles de aplicación o disposto, con relación aos altos cargos do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, no artigo 16 do Real decreto 674/1993, do 7 de maio, de provisión de postos de traballo no estranxeiro e ascensos dos funcionarios, na redacción dada polo Real decreto 805/2000, do 19 de maio.

Disposición adicional quinta. *Procedementos de coordinación derivados da adscrición da AECID ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación establecerá os procedementos de coordinación necesarios para o correcto exercicio das competencias e responsabilidades derivadas da adscrición da AECID, de acordo co disposto na disposición derradeira primeira no seu punto dous da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

Disposición transitoria primeira. *Garantía de continuidade na execución da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento.*

Non obstante o establecido na disposición adicional segunda deste real decreto e para o efecto de garantir a continuidade na execución da política de cooperación para o desenvolvemento, os órganos directivos da Axencia Española de Cooperación Internacional continuarán transitoriamente no desempeño das súas funcións ata que se produza o nomeamento do director e do persoal directivo da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento

Disposición transitoria segunda. *Contrato de xestión.*

1. Ata que non se aprobe o contrato de xestión, a actuación da Axencia, incluída a ordenación de postos de traballo e aprobación do orzamento, desenvolverase no marco da memoria aprobada, a que se refire o artigo 3 da Lei de axencias estatais. Así mesmo e ata que se aprobe o contrato de xestión, o Plan inicial de actuación contido na memoria da Axencia fará as funcións daquel.

2. No prazo de tres meses contado desde a constitución do Consello Reitor e unha vez nomeados os órganos executivos, o consello aprobará a proposta de contrato inicial de xestión.

Disposición transitoria terceira. *Réxime orzamentario aplicable durante o exercicio 2007.*

Mantense o réxime orzamentario da Axencia Española de Cooperación Internacional como organismo autónomo, para os efectos previstos no último parágrafo da disposición adicional cuadraxésimo quinta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado durante todo o exercicio 2007.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente real decreto e, en particular, o Real decreto 3424/2000, do 15 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional e o artigo 15.3 do Real decreto 1416/2004, do 11 de xuño, polo que se modifica e desenvolve a estrutura básica do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación na redacción dada a este polo Real decreto 755/2005, do 24 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo e aplicación.*

1. Autorízase o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación para que adopte as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

2. Así mesmo, o Ministerio de Economía e Facenda levará a cabo as modificacións orzamentarias precisas

para o traspaso do orzamento da Subdirección Xeral de Convenios e Programas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ESTATUTO DA AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza, obxecto e réxime xurídico.*

1. De conformidade coa autorización establecida na disposición adicional terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento constitúese como unha entidade de dereito público das previstas no artigo 2 da antedita lei.

2. O seu obxecto é o fomento, a xestión e a execución das políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento, dirixidas á loita contra a pobreza e a consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países en desenvolvemento,

3. A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, adscrita ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación nos termos previstos no artigo 22 deste estatuto, réxese pola citada Lei de axencias estatais, por este estatuto e, supletoriamente, polas normas aplicables ás entidades de dereito público adscritas á Administración xeral do Estado. Así mesmo réxese, en canto resulte de aplicación, polo establecido na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.

4. A Axencia ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, e autonomía de xestión e funcional dentro dos límites establecidos pola Lei de axencias estatais e por este estatuto.

Artigo 2. *Potestades administrativas e relacións con outras administracións.*

Á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento correspóndelle, dentro das competencias que ten atribuídas, o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins e funcións, nos termos establecidos no presente estatuto e de acordo coa lexislación aplicable.

As relacións da Axencia cos órganos da Administración xeral do Estado e das restantes administracións públicas, a que dea lugar o exercicio das súas funcións e competencias, manteraas o presidente da Axencia, no marco que, por proposta deste, o Consello Reitor establece. Todo isto sen prexuízo das que, de ser o caso, lle poidan corresponder ao ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, na súa calidade de titular do departa-

mento de adscrición da Axencia. O presidente poderá delegar o exercicio destas relacións no director da Axencia.

Artigo 3. *Colaboración coas comunidades autónomas e entes locais.*

1. A Axencia poderá colaborar coas comunidades autónomas a través de convenios de colaboración en materias específicas no ámbito das súas respectivas competencias.

2. A Axencia poderá igualmente subscribir convenios de colaboración cos entes locais e coa Federación Española de Municipios e Provincias ou con calquera outra entidade pública de base territorial, coas condicións que eles especifiquen.

CAPÍTULO II

Fins, funcións e instrumentos de actuación

Artigo 4. *Fins.*

A Axencia, como órgano para o fomento, xestión e execución das políticas públicas de cooperación para o desenvolvemento, está especialmente facultada para perseguir os seguintes fins, sen prexuízo das competencias e actividades desenvolvidas nestas áreas por outros órganos ministeriais e, de ser o caso, en estreita coordinación con eles:

1. Contribuír á redución da pobreza nos países en desenvolvemento.

2. Impulsar o desenvolvemento humano sustentable nos países en desenvolvemento, potenciando as propias capacidades dos países socios.

3. Contribuír á paz, á liberdade e á seguridade humana, promovendo o respecto aos dereitos humanos e o desenvolvemento dos sistemas democráticos.

4. Promover a cohesión social a través do fomento e o impulso das políticas públicas relacionadas co bo goberno nos países en desenvolvemento.

5. Contribuír ao logro dos propósitos da Declaración do Milenio e os obxectivos de desenvolvemento do milenio aprobados no Cumio do Milenio de Nacións Unidas en 2000 e, de igual modo, contribuír ao logro de obxectivos que se acorden en futuros cumios de desenvolvemento de Nacións Unidas asumidos polo Goberno español.

6. Potenciar a igualdade de xénero nos países en desenvolvemento, a través de actuacións sectoriais e transversais nos programas e proxectos de cooperación e a promoción de políticas de igualdade.

7. Contribuír á mellora da calidade ambiental nos países en desenvolvemento a través de actuacións sectoriais e transversais nos programas e proxectos de cooperación e a promoción de políticas ambientais.

8. Potenciar a acción humanitaria, abarcando tanto a prevención como a atención en situacións de emerxencia e reconstrución.

9. Sensibilizar e educar para o desenvolvemento, tanto en España coma nos países socios.

10. Impulsar o papel da cultura e o coñecemento no desenvolvemento, prestando especial atención ao fomento do respecto á diversidade cultural.

Artigo 5. *Funcións.*

A Axencia queda especialmente facultada para exercer as seguintes funcións, sen prexuízo das competencias e actividades desenvolvidas nestas áreas por outros departamentos ministeriais e organismos das administra-

cións públicas e, de ser o caso, en estreita coordinación con eles:

1. Dirixir, deseñar, coordinar e executar programas e proxectos e outras actuacións de cooperación para o desenvolvemento orientadas á loita contra a pobreza e a promoción do desenvolvemento humano sustentable no ámbito social, institucional, ambiental, de equidade de xénero, cultural, universitario, científico, económico e produtivo, todo isto no marco do contrato de xestión que se aprobe de acordo cos contidos que estableza o Plan director da cooperación española que estea en vigor e baixo os principios de coherencia de políticas e complementariedade de actores que recolla o Plan director.

2. Contribuír a asegurar a concertación das políticas de desenvolvemento con outras axencias de cooperación e desenvolvemento bilaterais e multilaterais, especialmente no ámbito da Unión Europea e do sistema de Nacións Unidas, en coordinación estreita cos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

3. Executar e financiar conxuntamente programas e proxectos de desenvolvemento con outras axencias de cooperación e desenvolvemento bilaterais e multilaterais no marco da Declaración de París sobre a eficacia da axuda e outros acordos e declaracións internacionais suscritos polo goberno español.

4. Coordinar as intervencións de cooperación ao desenvolvemento cos diversos axentes da cooperación española recoñecidos no Plan director co obxecto de garantir a coherencia, a eficacia e a calidade das actuacións do conxunto da cooperación española. Esta coordinación realizarase de acordo cos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

5. Representar, por si mesma ou en coordinación con outros órganos ou organismos da Administración, a Administración española en reunións, foros e institucións nacionais e internacionais relacionadas coas materias e funcións da súa competencia. En canto ás de carácter internacional, coordinará as actividades que correspondan co ministerio de adscrición.

6. Coordinar e executar a acción humanitaria no exterior.

7. Impulsar e executar actuacións dirixidas á sensibilización e educación para o desenvolvemento en coordinación estreita cos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e con outros axentes da cooperación española.

8. Apoiar e incentivar iniciativas públicas ou privadas que contribúan á consecución dos obxectivos da Axencia.

9. Realizar ou encargar e difundir estudos relevantes para o desenvolvemento, en particular aqueles relacionados co papel das axencias de cooperación e o seu impacto no desenvolvemento.

10. Prestar apoio e colaboración a outros departamentos ministeriais e outras administracións públicas no desenvolvemento de programas e proxectos de cooperación internacional.

11. Prestar asistencia técnica no ámbito da cooperación para o desenvolvemento a outras axencias e actores nacionais e internacionais.

12. Fomentar, apoiar e financiar institucións e iniciativas destinadas a crear institucións internacionais, rexionais e subrexionais con participación española que promovan o obxectivo da cooperación ao desenvolvemento, entre asociacións, fundacións, organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e empresas.

13. Executar as funcións e competencias atribuídas ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para a promoción e desenvolvemento das relacións culturais e científicas con outros países.

14. Apoiar a Secretaría de Estado de Cooperación Internacional na súa función de asistencia ao titular do

Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación na definición e execución da política de cooperación para o desenvolvemento.

15. Desenvolver no marco da lexislación vixente cantas outras actividades poidan contribuír ao cumprimento dos seus fins.

Artigo 6. *Instrumentos.*

A Axencia poderá desenvolver as funcións anteriores a través das modalidades e dos instrumentos de cooperación recollidos no Plan Director da Cooperación Española en vigor, incluíndo a formulación, execución e financiamento de programas e proxectos de cooperación, programas de bolsas e lectorados, asistencia técnica a institucións dos países socios, axuda orzamentaria e enfoques sectoriais, contribucións a fondos multilaterais e multidoadores e a programas de organismos internacionais de desenvolvemento, a acción humanitaria, subvencións a Estados, subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e a outros axentes e entidades promotoras da cooperación, execución e apoio ás actuacións relacionadas coa sensibilización social e educación para o desenvolvemento e a xestión das microfinanzas.

CAPÍTULO III

Principios de actuación da axencia

Artigo 7. *Principios básicos de actuación administrativa.*

A Axencia respectará na súa actuación os principios de interese xeral, obxectividade, eficacia, economía e servizo ao cidadán e especificamente os seguintes:

a) Principio de transparencia e participación, entendidos respectivamente como a rendición de contas á cidadanía e como o compromiso de consulta e participación dos interesados na realización dos seus traballos.

b) Principio de autonomía e responsabilidade, entendidos respectivamente como a capacidade da Axencia de xestionar con autonomía, nos termos previstos no presente estatuto, os medios postos á súa disposición para acadar os obxectivos comprometidos, asumindo as consecuencias dos resultados alcanzados.

c) Principio de cooperación interadministrativa e participación institucional entendidos respectivamente como a disposición activa a colaborar con outros departamentos e organismos da Administración do Estado e con outras administracións públicas e institucións.

d) Principio de calidade e mellora continua, entendido como o compromiso sistemático coa autoavaliación e a utilización de modelos de excelencia que permitan establecer áreas de mellora e prestar os seus servizos de forma innovadora.

e) Principio de ética profesional e responsabilidade pública, entendido como o compromiso do persoal da Axencia e especialmente do seu persoal directivo, de observar na súa actuación os valores contidos no código de ética profesional do persoal da Axencia, cando sexa aprobado, e nos da normativa aplicable aos empregados públicos da Administración xeral do Estado, en particular os artigos 52 ao 54 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 8. *Principios das declaracións de Roma e de París.*

A Axencia, na súa actuación dirixida aos países en desenvolvemento, incluírá gradualmente os principios que emanan da Declaración de Roma, 2003, e a Declara-

ción de París, 2005, sobre a eficacia da axuda que o Goberno español subscribiu.

Artigo 9. *Transparencia e participación cidadá.*

O principio de transparencia e participación cidadá concretarase nos seguintes aspectos:

- a) Unha vez aprobados o plan de acción, o informe xeral de actividade e as contas anuais, publicarase un resumo de cada un destes documentos no «Boletín Oficial del Estado», indicando, nesta publicación, o enderezo web en que se poida acceder ao contido total destes.
- b) A Axencia prestará especial atención na realización das súas funcións á consulta e participación da sociedade civil organizada e actores interesados na loita contra a pobreza e o desenvolvemento humano sustentable.
- c) Na avaliación previa do impacto normativo consultarase a opinión das entidades eventualmente afectadas.
- d) O resultado das actividades da AECID será accesible á cidadanía e aos distintos actores económicos, culturais e sociais interesados a través do plan de información e comunicación que aprobará o Consello Reitor para o efecto e incorporarase á páxina web da Axencia.

CAPÍTULO IV

Organización

SECCIÓN 1.^a ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 10. *Órganos de goberno.*

1. Son órganos de goberno da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento:
 - i. O presidente.
 - ii. O Consello Reitor.
2. A designación dos membros do Consello Reitor tenderá á paridade entre homes e mulleres

Artigo 11. *O presidente.*

1. A presidencia da Axencia desempeñaraa o titular da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional.
2. Correspóndenlle ao presidente, ademais de exercer a presidencia do Consello Reitor da Axencia e presidir as súas sesións, así como as da comisión permanente, acordar a convocatoria das sesións plenarias e a fixación da orde do día, as seguintes funcións:
 - a) Velar pola consecución dos obxectivos asignados á Axencia.
 - b) Exercer a superior dirección da Axencia.
 - c) Exercer a superior dirección da Oficina de Acción Humanitaria.
 - d) Desempeñar a representación institucional e legal da Axencia, sen prexuízo das delegacións que poida establecer no director da Axencia e das funcións que a este lle poidan corresponder no exercicio ordinario das súas competencias.
 - e) A sinatura de convenios de colaboración, memorandos de entendemento, actas de comisións mixtas, acordos de execución ou instrumentos xurídicos doutra natureza, que poidan xerar compromisos ou obrigas para a Axencia, sen prexuízo das delegacións que, de ser o caso, se establezan.
 - f) Proporlle ao Consello Reitor o nomeamento e cesamento do director da Axencia.
 - g) Informar o ministerio de adscrición e os ministerios de Administracións Públicas e Economía e Facenda

acerca da execución e cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.

- h) Desempeñar cantas outras funcións se lle atribúan por norma legal ou regulamentaria.
- i) Todas as demais competencias que lle correspondan como presidente dun órgano colexiado segundo o disposto no artigo 23 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

3. No suposto de ausencia, vacante ou enfermidade ou outro impedimento legal do presidente, suplirá as súas funcións o director da Axencia.

4. De acordo co artigo 2 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, as resolucións do presidente da Axencia esgotan a vía administrativa.

Artigo 12. *O Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor é o órgano de goberno colexiado da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

2. O Consello Reitor estará composto polos seguintes membros:

- a) Presidente: presidente/a da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- b) Vogais:

Director/a da Axencia, quen presidirá as reunións en ausencia do presidente/a.

O director/a xeral de Política Exterior do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

O directora/a xeral de Planificación e Avaliación de Políticas de Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

O director/a xeral de Relacións Económicas Internacionais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Dous funcionarios do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, designados libremente polo ministro, con rango de subdirector xeral ou equivalente.

En representación doutros ministerios (con nivel mínimo de director/a xeral), o Consello Reitor integrará catro persoas:

O director xeral de Financiamento Internacional da Secretaría de Estado de Economía do Ministerio de Economía e Facenda.

O director xeral de investimentos da Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Un representante da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos do Ministerio de Economía e Facenda que designará o seu titular.

Un representante do Ministerio de Administracións Públicas que designará o seu titular.

En representación dos traballadores, dous representantes designados polas organizacións sindicais máis representativas da Administración xeral do Estado.

c) Secretario: o secretario/a xeral da Axencia, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

3. Os membros do Consello Reitor serán nomeados e, nos casos que proceda, cesados, polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

4. O Pleno do Consello Reitor celebrará sesións cunha periodicidade polo menos trimestral.

5. Poderán asistir ás reunións do Consello Reitor con voz pero sen voto, todas as persoas que sexan convocadas polo seu presidente/a en calidade de expertos nas materias incluídas na orde do día.

6. O Consello Reitor, así como o resto dos órganos colexiados previstos neste estatuto, axustará a súa actuación, no que lle sexa de aplicación, ás disposicións do capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Os membros do Consello Reitor percibirán as indemnizacións por gastos de viaxe, estadias e traslados que lles puidesen corresponder en aplicación do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8. Correspóndenlle ao Consello Reitor as seguintes funcións:

a) Aprobar a proposta do contrato de xestión da Axencia

b) A aprobación dos obxectivos e plans de acción anuais e plurianuais, así como dos criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento de tales obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco do establecido no contrato de xestión.

c) A aprobación do anteproxecto de orzamentos anuais e a contracción de calquera obriga de carácter plurianual dentro dos límites fixados no contrato de xestión.

d) O nomeamento e cesamento do director da Axencia, por proposta do presidente/a.

e) O control da xestión do director e a exixencia a este das responsabilidades que procedan.

f) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da Axencia.

g) A aprobación dun informe xeral de actividade e de cantos extraordinarios considere necesarios sobre a xestión, valorando os resultados obtidos e consignando as deficiencias observadas.

h) A aprobación das contas anuais e o informe de auditoría de contas e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, de acordo coa lexislación orzamentaria.

i) A aprobación ou modificación da relación de postos de traballo así como a aprobación da proposta de oferta anual de emprego da Axencia para a súa integración na oferta de emprego público estatal de acordo co disposto no correspondente contrato de xestión.

j) A determinación dos criterios de selección do persoal da Axencia, con suxeición ao disposto no artigo 61 do Estatuto básico do empregado público.

k) A modificación da adscrición das unidades de rango inferior ao departamento entre as distintas direccións xeográficas e sectoriais e a secretaría xeral.

l) Designar o secretario do Consello Reitor.

m) Ditar as normas internas de funcionamento, desenvolvemento orgánico e de adopción de acordos do propio Consello Reitor e da Axencia no non previsto no presente estatuto.

n) Designar os membros da comisión permanente e da comisión de control.

ñ) A proposta ao Consello de Ministros dos contratos cuxo importe require a autorización deste, de conformidade co artigo 12.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

o) O nomeamento e o cesamento do persoal directivo da Axencia por proposta do seu director.

9. De acordo co artigo 2 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, as resolucións do Consello Reitor esgotan a vía administrativa.

Artigo 13. *A comisión permanente.*

1. Créase unha comisión permanente no seo do Consello Reitor que resolverá sobre as cuestións que este lle atribúa.

2. A comisión permanente exercerá as funcións que lle sexan encomendadas polo Consello Reitor, a excepción das previstas no artigo 12.8 parágrafos desde o a ata o n. O Consello Reitor ratificará os acordos adoptados pola comisión permanente no exercicio das súas funcións, que serán efectivos e terán efectos, podendo revogalos cando existisen causas extraordinarias que así o aconsellen.

3. Formarán parte desta comisión o presidente/a da Axencia, o director/a da Axencia e un terceiro integrante designado polo Pleno do Consello Reitor entre os seus membros. Actuará como secretario da citada comisión, con voz pero sen voto, o secretario xeral da Axencia.

A comisión permanente reunirse polo menos con carácter bimensual.

SECCIÓN 2.^a ÓRGANOS EXECUTIVOS

Artigo 14. *O director.*

1. O director da Axencia é o responsable da dirección e xestión ordinaria da Axencia e exerce as competencias inherentes a tal dirección, as que se lle atribúen expresamente na Lei de axencias estatais e as establecidas neste estatuto. Será nomeado e separado polo Consello Reitor por proposta do presidente.

2. O director da Axencia terá a consideración de alto cargo, de conformidade co previsto no artigo 3.2.e) da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, cos efectos que se recollen nela e aqueles outros que lle sexan aplicables en relación coa dita consideración.

3. O director/a da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento deberá reunir os requisitos seguintes:

Posuír a nacionalidade española.

Estar en posesión dun título superior universitario.

4. Para o seu nomeamento, teranse en conta especialmente os seguintes criterios:

Coñecementos e experiencia en materia de desenvolvemento e cooperación.

Experiencia internacional, valorándose especialmente a adquirida en países en desenvolvemento.

Capacidade para dirixir equipos humanos, alcanzar consensos e resolver conflitos.

Experiencia en postos directivos.

5. Correspóndenlle ao director as seguintes funcións:

a) Elaborar e proporlle ao Consello Reitor o proxecto do contrato de xestión e a participación e dirección de negociacións subseguintes cos órganos correspondentes dos ministerios de adscrición, de Administracións Públicas e de Economía e Facenda para a súa aprobación definitiva.

b) Elaborar e proporlle ao Consello Reitor os obxectivos e plans de acción anuais e plurianuais, así como dos indicadores e mecanismos de medición do cumprimento de tales obxectivos, tendo en conta o establecido no contrato de xestión.

c) Elaborar e proporlle ao Consello Reitor o anteproxecto de orzamento da Axencia.

d) Aprobar os contratos, excepto os previstos no artigo 12.8.c, dando conta sempre ao Consello Reitor.

e) A disposición de gastos e ordenación de pagamentos correspondentes, dando conta ao Consello Reitor.

f) A dirección do persoal e servizos da Axencia.

g) Proporlle ao Consello Reitor a relación de postos de traballo da Axencia.

h) Resolver as convocatorias de provisión de postos de traballo de persoal funcionario e a contratación do persoal laboral.

i) Proporlle ao Consello Reitor o nomeamento e cesamento do persoal directivo.

j) A representación legal da Axencia, cando corresponda, e a execución de acordos do Consello Reitor.

k) Autorizar as variacións orzamentarias que lle correspondan, de acordo coas previsións do artigo 27 da Lei de axencias estatais, dando conta ao Consello Reitor.

l) Determinar o destino dos remanentes de crédito que resulten da liquidación do exercicio orzamentario, nos termos previstos no artigo 27 da Lei de axencias estatais.

m) Presentarlle ao Consello Reitor o informe xeral de actividades do ano anterior e as contas anuais, xunto co informe de auditoría de contas.

n) Formar e manter actualizado o inventario de bens e dereitos e dar conta del ao Consello Reitor.

o) Aquelas competencias que lle delegue o Consello Reitor.

p) Calquera outra competencia da Axencia non encomendada a outro órgano desta.

6. De acordo co artigo 2.3 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, as resolucións do director da Axencia poñen fin á vía administrativa.

SECCIÓN 3.^a OUTROS ÓRGANOS

Artigo 15. *A comisión de control.*

1. A comisión de control, constituída no seo do Consello Reitor, estará composta polos seguintes membros:

a) Presidente: un vogal do Consello Reitor que se elixirá no seu seo, por proposta do seu presidente, entre os empregados públicos que pertencen ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

b) Vogais: un mínimo de dous e un máximo de catro persoas máis nomeadas polo Consello Reitor entre aqueles dos seus membros que non teñan responsabilidades directas na xestión da Axencia e con coñecementos ou experiencia en xestión, orzamentación, control interno ou control da actividade económico-financieira do sector público estatal.

c) No caso de que o Consello Reitor decidise integrar outras persoas non membros del na comisión de control, participarán con voz pero sen voto. O interventor delegado na Axencia asistirá ás reunións da comisión de control con voz pero sen voto.

d) Secretario: nomeado entre os seus membros pola propia comisión.

2. Correspóndelle á comisión de control:

a) Informar o Consello Reitor sobre a execución do contrato de xestión.

b) Informar o Consello Reitor sobre a execución do orzamento da Axencia, debendo, para tal efecto, recibir da Dirección da Axencia informes mensuais sobre o estado de execución orzamentaria.

c) Solicitar información sobre os sistemas de control e procedementos internos establecidos para asegurar o debido cumprimento de disposicións legais e demais normas aplicables; coñecer dos informes de auditoría de contas e adicionais sobre funcionamento de control interno, así como os de control emitidos pola Intervención Delegada e propor as estratexias encamiñadas a corrixir as debilidades postas de manifesto neles.

d) Determinar, por instancia do Consello Reitor e coa periodicidade que este estableza, a información económico-financieira que se lle debe remitir, sen prexuízo

daqueloutra que se deba someter á súa consideración ou aprobación de acordo co establecido na normativa vixente.

e) Coñecer a información económico-orzamentaria que a Axencia Estatal, pola súa pertenza ao sector público estatal, debe elaborar e remitir aos órganos competentes para cumprir as obrigas recollidas na normativa vixente, velando polo cumprimento destas obrigas.

3. A comisión de control reunirse polo menos trimestralmente.

Artigo 16. *O consello asesor.*

Créase o Consello Asesor da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento como un órgano de carácter consultivo.

Estará integrado por doce persoas, todas elas recoñecidas pola súa experiencia e coñecementos en campos relacionados coa cooperación internacional e o desenvolvemento. O seu nomeamento e cesamento realizarao o presidente/a do Consello Reitor, para o que escoitará as propostas dos seus integrantes.

A presidencia desempeñaráa o presidente da Axencia, quen poderá delegar no director.

O consello asesor reunirse polo menos cunha periodicidade anual.

Os seus membros non serán retribuídos, aínda que, de ser o caso, terán dereito á indemnización dos gastos de viaxe, estadias e traslados que lles orixine a súa dedicación ao Consello, de acordo co Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

SECCIÓN 4.^a ESTRUCTURA ADMINISTRATIVA

Artigo 17. *Estrutura básica.*

1. A Axencia contará coa estrutura administrativa básica contida na presente sección.

2. Baixo a dependencia xerárquica do director da Axencia existirán en España:

A Dirección de Cooperación para América Latina e o Caribe;

A Dirección de Cooperación para África, Asia e Europa Oriental;

A Dirección de Cooperación Sectorial e Multilateral;

A Dirección de Relacións Culturais e Científicas;

A Secretaría Xeral.

As súas funcións, referidas nos seus respectivos ámbitos territoriais, sectoriais ou funcionais, ás que establece o capítulo II do presente estatuto para a Axencia, son as seguintes:

a) Correspóndelle á Dirección de Cooperación con América Latina e o Caribe fomentar, xestionar e executar as políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento, dirixidas á loita contra a pobreza e a consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países de América Latina e o Caribe, sen prexuízo das competencias que lles correspondan a outros departamentos ministeriais.

O seu director dirixirá e coordinará dous departamentos: o de cooperación con Centroamérica, México e o Caribe e o de cooperación cos países andinos e o Cono Sur.

b) Correspóndelle á Dirección de Cooperación con África, Asia e Europa Oriental, fomentar, xestionar e executar as políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento, dirixidas á loita contra a pobreza e á consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países de África, Asia e Europa Oriental, sen

prexuízo das competencias que lles correspondan a outros departamentos ministeriais.

O seu director dirixirá e coordinará tres departamentos: o de cooperación con África subsahariana, o de cooperación co Mediterráneo e Mundo Árabe e o de cooperación con Asia e Europa Oriental.

c) Correspóndelle á Dirección de Cooperación Sectorial e Multilateral fomentar, xestionar e executar as políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento no ámbito sectorial e multilateral e asegurar a concertación das políticas de desenvolvemento sectoriais con outras axencias multilaterais, especialmente no ámbito da Unión Europea e do sistema de Nacións Unidas, en coordinación estreita cos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, así como representar a AECID nas relacións que sobre a materia se establezan cos distintos departamentos ministeriais.

O seu director dirixirá e coordinará tres departamentos: o de cooperación sectorial e de xénero; o de cooperación multilateral; e o de organizacións non gubernamentais de desenvolvemento (ONGD).

d) Correspóndelle á Dirección de Relacións Culturais e Científicas fomentar, xestionar e executar as políticas públicas de cooperación cultural para o desenvolvemento; a xestión dos servizos culturais da AECID; a cooperación no ámbito da capacitación de capital humano, a cooperación universitaria e científica ao desenvolvemento; as relacións e convenios internacionais no ámbito cultural e científico; e as competencias atribuídas ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para a promoción e o desenvolvemento das relacións culturais e científicas con outros países, sen prexuízo das competencias que lles correspondan a outros departamentos ministeriais.

O seu director dirixirá e coordinará tres departamentos: o de cooperación e promoción cultural, o de cooperación universitaria e científica e o de coordinación de relacións culturais e científicas.

e) Correspóndelle á Secretaría Xeral o desempeño das funcións relativas á xestión e administración dos recursos humanos, incluído a formación destes, a xestión dos medios económico-financeiros, informáticos, loxísticos e materiais, así como a contratación, organización e produción normativa, asesoramento, calidade, inspección, arquivo e rexistro, en estreita coordinación coas unidades competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, co fin de lles prestar o apoio necesario aos órganos e unidades da Axencia para o cumprimento das súas funcións.

O secretario xeral dirixirá e coordinará tres departamentos: o de recursos humanos, conciliación e servizos xerais; o de xestión económica, financeira e orzamentaria e o de sistemas e tecnoloxías da información.

3. Estará tamén baixo a dependencia xerárquica do director da Axencia a Oficina de Acción Humanitaria, cuxa dirección estratéxica depende do presidente/a do Consello Reitor. O xefe da Oficina de Acción Humanitaria estará á fronte deste departamento, que coordinará, pola súa vez, o departamento de emerxencia e posconflicto e unha unidade de prevención e avaliación.

4. Depende tamén do director da Axencia o Gabinete técnico, ao cal lle corresponde a realización das actividades e traballos de asesoramento e asistencia inmediata que este lle encomende, incluíndo as funcións de programación operativa, seguimento e análise para a mellora da calidade da axuda e, por outra parte, as de comunicación, sensibilización e educación para o desenvolvemento, de acordo co que se estableza na memoria e no primeiro contrato de xestión.

5. Está adscrita á Dirección da Axencia a Intervención Delegada, sen prexuízo da súa dependencia funcio-

nal e orgánica da Intervención Xeral da Administración do Estado,

6. Depende do director da Axencia a estrutura exterior desta, integrada polas oficinas técnicas de cooperación, os centros de formación e os centros culturais. No anexo I deste estatuto relaciónanse as oficinas técnicas de cooperación, os centros de formación e os centros culturais operativos na data da súa aprobación.

7. Por proposta do Consello Reitor da Axencia e no marco do que se estableza no contrato de xestión, corresponderalle ao ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas e coa autorización, de ser o caso, do ministro de Economía e Facenda, a creación, modificación ou supresión dos órganos da Axencia no exterior, mediante orde ministerial. A aprobación destas ordes ministeriais implicará a actualización automática do anexo I deste estatuto.

8. O director da Axencia poderá delegar nos directores/as de cooperación xeográfica e sectorial, relacións culturais e científicas, secretario/a xeral e no xefe da Oficina de Acción Humanitaria, a dirección, coordinación e interlocución da estrutura de centros no exterior. Nese caso, por delegación, a relación entre a sede central da AECID e as oficinas técnicas de cooperación, os centros de formación e os centros culturais levarana os mencionados directores/as e o xefe da Oficina de Acción Humanitaria, quen poderán enviar no exercicio das súas funcións nos seus respectivos ámbitos, en nome do director da Axencia, comunicacións e instrucións formais dirixidas aos coordinadores das OTC e aos directores de centros de formación e culturais.

9. Co fin de reforzar a coordinación e o traballo en equipo entre as distintas áreas e unidades da axencia, o director poderá crear grupos de traballo encargados dunha tarefa determinada, de carácter temporal ou permanente, compostos por persoas de distintas unidades, coa capacidade de decisión que decida outorgarlles e baixo a responsabilidade dunha persoa que forme parte do persoal directivo da AECID. A decisión sobre a constitución de cada grupo de traballo, a súa composición, tarefas encomendadas e a súa responsabilidade corresponderalle exclusivamente ao director da axencia.

Artigo 18. *A Oficina de Acción Humanitaria.*

Créase a Oficina de Acción Humanitaria para o desenvolvemento da acción humanitaria da cooperación española, dependente da Presidencia na súa dirección estratéxica e, por delegación da citada Presidencia, do director en canto ao seu funcionamento ordinario.

As súas funcións son a xestión e execución da acción humanitaria oficial, conforme o Plan director, e a coordinación das capacidades da Administración do Estado coas das administracións autonómicas e locais, en coherencia coa estratexia adoptada neste campo polas Nacións Unidas e a Unión Europea.

Artigo 19. *Funcións, dependencia funcional e orgánica e relacións coas embaixadas das oficinas técnicas de cooperación.*

1. A Lei 23/1998, de cooperación internacional para o desenvolvemento, establece no seu artigo 26 que as oficinas técnicas de cooperación son unidades adscritas orgánicamente ás embaixadas que, baixo a dirección do seu xefe de misión e dependencia funcional da Axencia Española de Cooperación Internacional, aseguran a coordinación e, de ser o caso, a execución dos recursos da cooperación na súa demarcación. Así mesmo, colaboran cos

programas e proxectos impulsados polas demais administracións públicas.

2. O xefe de misión exerce a superior dirección das actividades de cooperación no país en que está acreditado.

3. Nos países onde se creasen oficinas técnicas de cooperación, as funcións de dirección destas unidades no país de que se trate correspóndenlles aos coordinadores xerais da cooperación española responsables de tales oficinas, xunto co resto das funcións que teñen atribuídas pola Lei de cooperación e por este estatuto.

4. En todos aqueles países nos cales se creasen oficinas técnicas de cooperación, os coordinadores xerais destas oficinas exercerán as funcións de encargados dos asuntos de cooperación.

5. Nas misións diplomáticas naqueles países en que se desenvolven actividades de cooperación internacional para o desenvolvemento e nos cales non existen oficinas técnicas de cooperación da AECID, o xefe de misión designará un funcionario diplomático como encargado dos asuntos de cooperación.

Artigo 20. Funcións, dependencia funcional e orgánica e relacións coas embaixadas dos centros culturais e dos centros de formación.

1. Os centros culturais son unidades adscritas orgánicamente ás embaixadas que, baixo a dirección do seu xefe de misión e dependencia funcional da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aseguran a coordinación coas oficinas técnicas de cooperación e a execución dos recursos da cooperación no seu ámbito de actuación. Así mesmo, colaboran cos programas e proxectos impulsados polas demais administracións públicas.

2. Os centros de formación son unidades adscritas orgánicamente ás embaixadas que, baixo a dirección do seu xefe de misión e dependencia funcional da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aseguran a preparación, coordinación e realización de actividades de cooperación no ámbito específico da formación. Estarán en estreita coordinación coas oficinas técnicas de cooperación e os centros culturais. Así mesmo, colaboran cos programas e proxectos impulsados polas demais administracións públicas.

3. O xefe de misión exerce a superior dirección das actividades dos centros culturais e centros de formación no país en que estean acreditados.

SECCIÓN 5.^a ADSCRICIÓN E SEDE

Artigo 21. Adscrición.

1. A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento está adscrita ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional

2. Correspóndelle ao ministerio de adscrición a dirección estratéxica, avaliación e control de resultados e da actividade da Axencia.

De acordo co disposto na disposición derradeira primeira.2 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, estas funcións exerceranse mediante o seguimento e control de resultados do contrato de xestión.

Artigo 22. Sede.

A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento terá a súa sede en Madrid.

CAPÍTULO V

Xestión transparente por obxectivos

Artigo 23. Contrato de xestión.

1. A Axencia elaborará a súa proposta de contrato de xestión co contido e dentro dos prazos previstos nos artigos 13 e 14 da Lei de axencias estatais, para a súa aprobación, de ser o caso, por orde conxunta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Administracións Públicas e Economía e Facenda.

2. O contrato de xestión da Axencia terá unha vixencia de catro anos, excepto o primeiro contrato, que poderá ter unha duración inferior.

3. O Consello Reitor da Axencia, a través do seu presidente, informará o ministerio de adscrición e os ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda acerca da execución e o cumprimento dos obxectivos previstos no contrato de xestión, coa periodicidade e nos termos que se determine na orde ministerial pola cal se aprobe.

Artigo 24. Plan anual de acción, informe de actividade e contas anuais.

1. O director da Axencia deberá elaborar e proporlle ao Consello Reitor a aprobación do plan anual de acción, o informe xeral de actividade e as contas anuais, dentro dos prazos establecidos no artigo 15 da Lei de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

2. A documentación a que se refire o punto anterior estará dispoñible na páxina web da Axencia Española de Cooperación Internacional.

CAPÍTULO VI

Réxime de funcionamento e medios

Artigo 25. Contratación.

O réxime de contratación da Axencia será o establecido na lexislación aplicable aos contratos celebrados polo sector público.

Dentro deste marco legal, e sempre que garde relación co obxecto do contrato e non supoña unha restrición inxustificada á libre competencia, a Axencia valorará positivamente, da forma en que se estableza nos pregos correspondentes, as ofertas que incorporen elementos favorables ao desenvolvemento sustentable e, cando se incorporen produtos procedentes, total ou parcialmente, de países en desenvolvemento, valoraranse positivamente as ofertas en que se acredite que tales produtos se elaboraron de acordo cun réxime de comercio xusto

Artigo 26. Réxime patrimonial.

1. A Axencia conta, para o cumprimento dos seus fins, cun patrimonio propio, distinto do da Administración xeral do Estado e integrado polo conxunto de bens e dereitos de que é titular, así como daquel que, sendo parte do patrimonio do Estado, lle sexa adscrito

2. A xestión e administración dos seus bens e dereitos así como daqueles do patrimonio do Estado que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, será exercida con suxeición ao establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Artigo 27. Bens propios.

1. A Axencia poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos no ordenamento xurídico, entendéndose implícita a afectación aos fins da Axencia dos bens mobles ao se aprobar a adquisición destes.

2. A adquisición de bens inmobles ou de dereitos sobre eles requirirá o informe previo do Ministerio de Economía e Facenda.

3. Os bens inmobles propios da Axencia que deixen de ser necesarios para o cumprimento dos seus fins poderán ser alleados pola Axencia, logo de comunicación ao Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 28. Bens adscritos.

A adscrición e desadscrición de bens por parte da Administración xeral do Estado rexeráse pola lexislación de patrimonio das administracións públicas, conservando aqueles a súa cualificación e titularidade xurídica orixinaria e correspondendo á Axencia o exercicio das competencias demaniais, así como a vixilancia, protección xurídica, defensa, administración, conservación, mantemento e demais actuacións que requira o uso correcto e utilización destes e cantas prerrogativas referentes ao dominio público e aos bens patrimoniais do Estado se encontren legalmente establecidas.

Artigo 29. Actuacións fronte a terceiros.

A representación da Axencia nas actuacións relativas aos seus bens e dereitos patrimoniais corresponderalle ao seu presidente, que poderá delegar esta función no director, dando conta ao Consello Reitor.

Artigo 30. Inventario.

A Axencia, a través do seu director, formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, con excepción dos de carácter funxible. Deste inventario darase conta anualmente con referencia ao 31 de decembro ao Consello Reitor.

CAPÍTULO VII**Recursos humanos****Artigo 31. Réxime de persoal.**

O réxime de persoal previsto neste capítulo afecta as relacións de emprego da Axencia, independentemente da súa natureza xurídica (funcionarial ou laboral, incluída, neste último caso, a relación laboral especial de alta dirección e a contratación temporal ou de duración determinada) e do lugar (en territorio nacional ou no estranxeiro) onde se leva a cabo ou desenvolve a prestación.

Artigo 32. Clases de persoal.

1. O persoal da Axencia quedará vinculado a esta por unha relación suxeita ás normas de dereito administrativo ou laboral que lle sexan de aplicación.

2. O persoal da Axencia ocupará os postos de traballo previstos, tanto en sede como nos órganos no exterior, na relación de postos de traballo.

3. A Axencia poderá contratar persoal laboral no exterior, nos termos e condicións establecidos no contrato de xestión.

Artigo 33. Acceso e selección.

De acordo co previsto na Lei de axencias estatais, as convocatorias de selección de persoal funcionario efectuaráase o ministerio a que se encontren adscritos os corpos e escalas correspondentes. Excepcionalmente poderán ser efectuadas pola propia Axencia mediante convenio suscrito para o efecto.

A convocatoria das prazas e a selección de persoal laboral levaráase a cabo a propia Axencia, a través dos seus propios órganos de selección, cuxa composición e funcionamento se axustará ao disposto nos artigos 55, 60 e 61 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 34. Previsión de necesidades de recursos humanos.

A previsión de necesidades de recursos humanos que se deban prover mediante a incorporación de persoal de novo ingreso, funcionario e laboral, estableceráse no contrato de xestión, logo de información aos órganos de representación do persoal, e incluírase na oferta anual de emprego público.

Reservarase unha cota non inferior ao cinco por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade, de acordo co disposto no artigo 59 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 35. Ordenación e provisión de postos de traballo.

1. O director da Axencia elaborará, no marco do contrato de xestión e en función das necesidades da organización, unha relación de postos de traballo que requirirá a aprobación do Consello Reitor. O seu contido axustarase ao disposto no artigo 74 o Estatuto do empregado público así como ao establecido no artigo 15 da Lei 30/1984, e incluírá a indicación do lugar da prestación.

2. O contrato de xestión poderá incorporar cláusulas que permitan a contratación de persoal de acordo coas necesidades dos proxectos de cooperación e, en xeral, da cooperación internacional para o desenvolvemento. En todo caso, cando circunstancias excepcionais definidas previamente polo Consello Reitor e recollidas no contrato de xestión así o exixan, a comisión permanente poderá aprobar provisionalmente a contratación deste tipo de persoal no exterior, sen prexuízo do posterior control efectuado polo Consello Reitor.

3. A AECID elaborará, convocará e, por proposta de órganos técnicos especializados, resolverá as convocatorias de provisión de postos de traballo de persoal funcionario, de conformidade cos principios xerais e procedementos de provisión establecidos nos artigos 78, 79 e 80 da Lei 7/2007 e nas súas normas de desenvolvemento.

4. No marco dos correspondentes convenios de colaboración, e en consonancia co contrato de xestión, a Axencia poderalles asignar temporalmente a funcionarios procedentes de universidades e doutras administracións públicas, a realización de actividades vinculadas ao desenvolvemento de proxectos e programas de actuación de duración limitada, de acordo co establecido no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Artigo 36. *Persoal funcionario.*

1. O persoal funcionario réxese pola normativa reguladora da función pública da Administración xeral do Estado coas especificidades previstas na Lei de axencias estatais e neste estatuto, así como o disposto en pactos e acordos que se poidan establecer mediante negociación colectiva, no marco competencial que corresponda.

2. A mobilidade dos funcionarios que desempeñen postos de traballo da Axencia para a cobertura de postos de traballo na Administración xeral do Estado ou noutras administracións e organismos públicos estará sometida á condición de autorización previa, de acordo coa normativa reguladora dos procedementos de provisión de postos de traballo na Administración xeral do Estado.

Artigo 37. *Persoal laboral.*

1. O persoal laboral da AECID será laboral fixo ou temporal, en función da duración do contrato, e as súas modalidades serán as que se establezan no contrato de xestión.

2. O seu réxime xurídico será o que lle resulte de aplicación de acordo coa normativa e acordos que se poidan establecer na Administración xeral do Estado.

Artigo 38. *Persoal directivo.*

1. Terán a consideración de persoal directivo da Axencia:

a) En España, o director da Axencia, o director/a de cooperación para América Latina e o Caribe e os responsables dos seus dous departamentos; o director/a de cooperación para África, Asia e Europa Oriental e os responsables dos seus tres departamentos; o director/a de cooperación sectorial e multilateral e os responsables dos seus tres departamentos; o director/a de cooperación cultural e científica e os responsables dos seus tres departamentos; o xefe da Oficina de Acción Humanitaria e o responsable do departamento de emerxencia e posconflicto; o secretario/a xeral da Axencia e os responsables dos seus tres departamentos; e o director/a do gabinete técnico do director executivo da Axencia.

Os postos directivos correspondentes aos directores xeográficos, director/a de Relacións Culturais e Científicas e secretario/a xeral serán cubertos por funcionarios de carreira. Os postos correspondentes ao director de Cooperación Sectorial e Multilateral e ao xefe da Oficina de Acción Humanitaria serán cubertos en réxime laboral, mediante contratos de alta dirección entre titulados superiores e atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia.

Os postos directivos correspondentes aos seguintes departamentos serán cubertos por funcionarios de carreira: os departamentos das direccións xeográficas na súa totalidade; os departamentos da secretaría xeral na súa totalidade; os departamentos de cooperación universitaria e científica e coordinación de relacións culturais e científicas e o departamento de cooperación de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento. Tamén será cuberto por funcionario público o posto de director do gabinete do director executivo da Axencia.

Serán cubertos en réxime laboral, mediante contratos de alta dirección entre titulados universitarios superiores e atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, os postos directivos dos seguintes departamentos: emerxencia e posconflicto; cooperación sectorial e de xénero; cooperación multilateral e cooperación e promoción cultural.

b) No exterior, os directores das oficinas técnicas de cooperación, dos centros de formación e dos centros culturais. Estes postos directivos cubriranse en réxime labo-

ral, mediante contratos de alta dirección, entre titulados superiores atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia.

2. Formarán parte do equipo directivo da Axencia: o director; o director/a de cooperación para América Latina e o Caribe; o director/a de cooperación para África, Asia e Europa Oriental; o director/a de cooperación sectorial e multilateral; o director/a de relacións culturais e científicas; o secretario/a xeral da Axencia e o xefe da Oficina de Acción Humanitaria.

3. O persoal directivo da Axencia será nomeado e cesado polo seu Consello Reitor por proposta do director da Axencia, entre titulados universitarios, atendendo a criterios de competencia profesional, idoneidade, experiencia e igualdade de xénero, e mediante procedementos que garantan o mérito, a capacidade e a publicidade.

4. A provisión de postos directivos será realizada polo órgano de selección que, para tal efecto, se constitúa na Axencia, o cal formulará proposta motivada ao director, incluíndo tres candidatos para cada posto que haxa que cubrir.

5. Cando o persoal directivo teña a condición de funcionario, e ocupe un posto de persoal directivo en España, permanecerá na situación de servizo activo no seu respectivo corpo ou escala. Na relación de postos de traballo determinarase o complemento de destino deste persoal.

6. O persoal directivo da Axencia desempeñará o seu cargo con dedicación exclusiva, plena independencia e total obxectividade, someténdose, no desenvolvemento dos seus cometidos, a avaliación conforme os criterios de eficacia, eficiencia, cumprimento da legalidade, responsabilidade na súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que se fixen no contrato de xestión.

7. De acordo co establecido no artigo 13.4 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto do empregado público, a determinación das condicións de emprego do persoal directivo non terán a consideración de materia obxecto de negociación colectiva. Cando o persoal directivo reúna a condición de persoal laboral, estará sometido á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

O réxime de incompatibilidades que resulta de aplicación é o previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 39. *Mobilidade do persoal.*

1. A mobilidade xeográfica dos empregados públicos da Axencia é unha necesidade funcional da Axencia, acorde co cumprimento dos seus obxectivos. Na relación de postos de traballo concretarase aqueles que se encontren afectados por este requisito.

2. Para tales efectos, a mobilidade quedará suxeita aos seguintes requisitos e condicións.

a) No caso dos funcionarios de carreira aplicarase o disposto no artigo 81 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público e na normativa de función pública da Administración xeral do Estado.

b) No caso do persoal laboral, aplicarase o disposto no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no convenio colectivo que resulte de aplicación e no contrato de traballo.

c) No caso do persoal directivo no exterior, establécese con carácter xeral unha permanencia máxima en cada posto de cinco anos.

Artigo 40. *Réxime retributivo.*

1. As retribucións do persoal funcionario da Axencia son as establecidas na normativa de función pública da Administración xeral do Estado e as súas contías determi-

naranse no marco do correspondente contrato de xestión e serán as que figuren na correspondente relación de postos de traballo, de conformidade co establecido na mencionada normativa e tendo en conta o artigo 37 do Estatuto básico do empregado público, e nas leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

2. As condicións retributivas do persoal laboral son as determinadas no convenio colectivo ou no respectivo contrato de traballo e as súas contías determinaránse no marco do correspondente contrato de xestión, de acordo cos procedementos establecidos na normativa vixente que resulte de aplicación e serán as que figuren na correspondente relación de postos de traballo.

3. A contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade, ou concepto equivalente do persoal laboral, está en todo caso vinculada ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.

4. O persoal directivo percibirá unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento, mediante o complemento correspondente que valore a produtividade, de acordo cos criterios e porcentaxes que estableza o Consello Reitor, por proposta do director da Axencia.

Artigo 41. *Comisións paritarias.*

Créanse as comisións paritarias de formación, de acción social e de saúde laboral e prevención de riscos laborais, que vixiarán o cumprimento e a aplicación dos criterios xerais que nas respectivas materias se acorden na mesa xeral de negociación das administracións públicas prevista no artigo 36 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

CAPÍTULO VIII

Réxime económico, orzamentario e de contabilidade

Artigo 42. *Recursos económicos.*

1. Os recursos económicos da Axencia Española de Cooperación Internacional estarán integrados por:

- a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- b) Os ingresos propios que perciba como contra-prestación polas actividades que poida realizar en virtude de contratos, convenios ou disposición legal para outras entidades públicas, privadas ou persoas físicas.
- c) O alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio.
- d) O rendemento procedente dos seus bens e valores.
- e) As contribucións voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e outras achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.
- f) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.
- g) As transferencias correntes ou de capital que procedan doutras administracións ou entidades públicas.
- h) Os demais ingresos ou recursos de dereito público ou privado que estean autorizados a percibir.
- i) Calquera outro recurso que lles puidese ser atribuído.

2. Na medida en que teña capacidade para xerar recursos propios suficientes, a Axencia poderase financiar mediante a obtención de préstamos concedidos con cargo aos créditos previstos no capítulo VIII dos orzamentos xerais do Estado, adxudicados de acordo con procedementos de pública concorrência, destinados a proxectos de investigación en materia de loita contra a pobreza e desenvolvemento humano sustentable. Este financia-

mento axustarase á limitación que estableza en cada exercicio a Lei de orzamentos xerais do Estado.

3. Os recursos que deriven das alíneas b), e), f) e h) do punto anterior e non se prevexan inicialmente no orzamento da Axencia poderanse destinar a financiar maiores gastos por acordo do seu director.

4. A Axencia poderá realizar a contratación de pólizas de crédito ou préstamo, sempre que o saldo vivo non supere o 5 por cento do seu orzamento, cando isto sexa necesario para atender desfases temporais de tesouraría, entendendo como tales as situacións de falta de liquidez que se poidan producir ocasionalmente e de forma excepcional.

Artigo 43. *Participación en sociedades mercantís ou fundacións.*

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Axencia poderá crear ou participar en sociedades mercantís ou fundacións, cuxo obxecto sexa acorde cos obxectivos da Axencia. Será requisito imprescindible a pertinente aprobación da proposta por parte do Consello Reitor. De ser o caso, deberase someter á autorización prevista no artigo 169 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas ou no artigo 45 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, segundo se trate de sociedades mercantís estatais ou de fundacións do sector público estatal.

Artigo 44. *Orzamento.*

1. O Consello Reitor elaborará e aprobará anualmente o anteproxecto de orzamento da Axencia conforme o disposto no contrato de xestión e coa estrutura que sinale o Ministerio de Economía e Facenda e remitirao ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para a súa incorporación ao anteproxecto de orzamentos xerais do Estado e a súa posterior aprobación polo Consello de Ministros e remisión ás Cortes Xerais, consolidándose co das restantes entidades que integran o sector público estatal.

2. O réxime orzamentario da Axencia será o establecido no capítulo V da Lei de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos e supletoriamente na Lei xeral orzamentaria, para os organismos públicos.

3. O orzamento deberá estar equilibrado e terá carácter limitativo polo seu importe global. A súa especificación virá determinada pola agrupación orgánica, por programas e económica, ben que esta última con carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal que en todo caso teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total, sen prexuízo das desagregacións necesarias para efectos da adecuada contabilización da súa execución.

4. O director da Axencia poderá autorizar todas as variacións orzamentarias que non afecten a contía dos gastos de persoal, nin a contía global do orzamento. Destas variacións informará a Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Economía e Facenda para a súa toma de razón. Non obstante, o director autorizará a variación na contía global, cando esta sexa financiada con ingresos dos establecidos no punto 3 do artigo 24 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, por encima dos inicialmente orzados e sempre que existan garantías suficientes da súa efectividade, dando conta inmediata á comisión de control. No resto de supostos a autorización corresponderalle ao ministro de Economía e Facenda, por iniciativa do director e por proposta do Consello Reitor.

5. A execución do orzamento da Axencia correspóndelle ao seu director, o cal remitirá á comisión de control, mensualmente, un estado de execución orzamentaria.

Artigo 45. Contabilidade.

1. A Axencia deberá aplicar os principios contables públicos previstos no artigo 122 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como o desenvolvemento dos principios e as normas establecidas no Plan xeral de Contabilidade Pública, para o cal contará cun sistema de información económico-financeiro e orzamentario que teña por obxecto mostrar, a través de estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento, e proporcione información dos custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

2. Así mesmo, a Axencia contará cun sistema de contabilidade de xestión que permita efectuar o seguimento do cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado establecerá os requirimentos funcionais e, de ser o caso, os procedementos informáticos que debe observar a Axencia para cumprir o disposto nos dous puntos anteriores.

4. As contas anuais da Axencia formularáas o seu director no prazo de tres meses desde o peche do exercicio económico. Unha vez auditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, serán sometidas ao Consello Reitor para a súa aprobación dentro do primeiro semestre do ano seguinte a aquel a que se refiran.

5. Unha vez aprobadas polo Consello Reitor, o presidente renderá as contas anuais ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 46. Control.

1. O control externo da xestión económico-financeira da AECID correspóndelle ao Tribunal de Contas de acordo coa súa normativa específica.

2. O control interno da xestión económico-financeira da Axencia correspóndelle á Intervención Xeral da Administración do Estado, e realizarase baixo as modalidades de control financeiro permanente e de auditoría pública, nas condicións e nos termos establecidos na Lei xeral orzamentaria. O control financeiro permanente realizarao a Intervención Delegada na Axencia, baixo a dependencia funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. Sen prexuízo dos controis establecidos nos puntos anteriores, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento estará sometida a un control de eficacia que será exercido a través do seguimento do contrato de xestión polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e que terá por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos da Axencia e a adecuada utilización dos recursos asignados.

CAPÍTULO IX**Disposicións e asistencia xurídica****Artigo 47. Disposicións.**

A Axencia ditará as normas internas necesarias para o cumprimento do seu obxecto e para o seu funcionamento, que poderán adoptar a forma de:

a) Resolucións do Consello Reitor que deberán ser subscribas polo presidente.

b) Resolucións, instrucións e circulares do presidente da Axencia e, no seu ámbito de competencia, do director da Axencia.

Artigo 48. Asistencia xurídica.

De conformidade co previsto na disposición adicional cuarta da Lei 28/2006, a asistencia xurídica da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento será desempeñada pola súa Asesoría Xurídica, adscrita á Dirección da Axencia, á fronte da cal estará un avogado do Estado, dependente orgánica e funcionalmente da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, sen prexuízo de que no marco do que estableza o contrato de xestión, en función das necesidades da Axencia, se poida acordar a sinatura dun convenio.

ANEXO**Estrutura no exterior da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento**

A estrutura no exterior da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento queda formada polas seguintes unidades: oficinas técnicas de cooperación (nos seguintes países: Angola, Alxeria, Arxentina, Bosnia-Herzegovina, Bolivia, Brasil, Cabo Verde, Chile, Colombia, Costa Rica, Cuba, Ecuador, Exipto, El Salvador, Etiopía, Filipinas, Guatemala, Guinea Ecuatorial, Haití, Honduras, Iraq, Xerusalén, Xordania, Malí, Marrocos, Mauritania, México, Mozambique, Namibia, Nicaragua, Panamá, Paraguai, Perú, República Dominicana, Senegal, Timor Oriental, Tunisia, Uruguai, Venezuela e Vietnam); centros de formación (nos seguintes países: Bolivia, Colombia, Guatemala e Uruguai); e centros culturais (nos seguintes países: Arxentina, Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, Cuba, Ecuador, El Salvador, Guinea Ecuatorial –Bata–, Guinea Ecuatorial –Malabo–, Honduras, México, Paraguai, Perú, República Dominicana e Uruguai).

20276 REAL DECRETO 1523/2007, do 16 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles. («BOE» 283, do 26-11-2007.)

O Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles, adaptou a normativa española á Directiva 71/307/CEE do Consello, do 26 de xullo de 1971, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre denominacións téxtiles, e ás súas modificacións posteriores.

Posteriormente, aprobouse a Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1996, relativa ás denominacións téxtiles, pola que se levou a cabo a codificación na materia e se derogou a Directiva 71/307/CEE.

Recentemente, aprobouse a Directiva 2007/3/CE da Comisión, do 2 de febreiro de 2007, pola que se modifican, para os adaptar ao progreso técnico, os anexos I e II da Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás denominacións téxtiles, con obxecto de engadir a fibra elastolefina á lista de fibras establecida nos anexos I e II da directiva mencionada.

Esta circunstancia fai necesario que se adopten no ordenamento xurídico español as disposicións oportunas en relación coas denominacións dos produtos téxtiles, para cumprir a citada directiva e garantir a protección dos intereses do consumidor, polo que mediante este real decreto se traspón a citada directiva e se procede a engadir a elastolefina á lista de fibras dos anexos I e II do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles.

A disposición derradeira do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, facultaba os titulares dos departamentos